


LUGAR DA COMPETICIÓN



EXCLUSIVO
PARA CAZADORES FEDERADOS



MUTUASPORT

En Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e para os cazadores, sabemos cales son as túas necesidades, por iso ofrecémosche a mellor variedade de seguros de caza

- Seguro de R.C. do cazador
- Seguro de danos propios
- Seguro de R.C. dos cans
- Seguro de R.C. de competicións
- Seguro de R.C. de ganchos e monterías
- Seguro de R.C. para Tecores



Infórmate na túa sociedade,
nunha das oficinas da
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
ou na nosa web


www.federaciongalegadedecaza.com



**"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"**

XX Campeonato Galego COMPAK SPORTING

8 / 9 Xuño 2019
Campo de Tiro "Rio Sar"
Chaián - Trazo (A Coruña)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO



Sociedad Deportiva
RIO SAR

CHAIÁN - VILOUCHADA - TRAZO



COMITÉ ORGANIZADOR

DON JAVIER NOGUEIRA DIZ

Presidente Federación Galega de Caza

DON JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ VILLAR

Presidente Federación Galega de Caza na Coruña

DON JOSÉ LUIS SÁNCHEZ MANCEBO

Presidente Sociedade de Caza 'Río Sar'

DON JOSÉ MOURE CANEDA

Secretario Xeral Federación Galega de Caza

DIRECTOR DE TIRO

DON JOSÉ A. PENA FERNÁNDEZ

Delegado de Tiro da Federación Galega de Caza

ÁRBITROS

Serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da FGC

XURADO DE COMPETICIÓNS

Nomearase pola Federación Galega de Caza

SORTEO DE ESCUADRAS E DORSAIS

O sorteo de escuadras e dorsais realizarase o día 3 de xuño ás 9:00 horas, na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

REGULAMENTO

O campionato rexerase polo vixente regulamento da Federación Galega de Caza e normas complementarias da Federación Galega de Caza.

Segundo a normativa de Compak Sporting e Percorridos de Caza, é obrigatorio o emprego de proteccións acústicas e ópticas para participantes e para xuíces.

Para participar en calquera proba é obrigatorio ter a documentación en vigor para a competición na que se participa, sendo responsable o participante das consecuencias derivadas do incumprimento desta condición ante calquera eventualidade.

PROGRAMA

8 de xuño de 2019

Adestramentos a partir das 11:00 h

9 de xuño de 2019

8:00 h – Concentración de participantes no campo de tiro.

8:30 h – Comezo da competición

CAMPO DE TIRO

O campionato disputarase no campo de Tiro denominado Río Río Sar, sito en Vilouchada, Chaián (A Coruña) sobre 150 pratos, nas categorías de Home (establécense tres clases), Muller, Sénior, Veterano, Master, Xuvenís e Tiro Adaptado. De acordo co convenio para a realización desta competición, tódolos tiradores dispoñerán dun vale para a comida. Este vale é nominativo, persoal e intransferible. A Sociedade de Caza Río Sar, porá a disposición dos acompañantes que o desexen vales para a comida.

INSCRICIÓNS

Participarán 66 tiradores oficiais: 18 por A Coruña, 17 por Lugo, 13 por Ourense e 17 por Pontevedra máis o campión do ano anterior.

As inscricións dos Seleccionados Provinciais realizaranse mediante a acta do Campionato Provincial, debendo obrar esta na sede da FGC antes do día 3 de xuño. Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa da Federación Galega de Caza en vigor. Conforme a normativa de competicións da FGC os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas, deberán dispor de un seguro de R.C. cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímite por vítima.

Por libre poderá participar calquera tirador federado que o desexe, debendo inscribirse na FGC antes do 4 de xuño. O pago da inscrición poderá realizarse antes de remata-lo prazo da mesma mediante transferencia en **Abanca na conta ES59 2080 0393 74 3040000159**, (70€ home, sénior e veterano, 50 € o resto das categorías).

Será Campión Galego o mellor clasificado no campionato autonómico, sempre que participara nun campionato provincial. O nº de prazas da selección galega estará formado por 6 tiradores, 4 da categoría home, clasificados conforme á normativa de competicións da FGC, e 2 tiradores pertencentes a dúas categorías especiais (sénior, donas, xuvenís, veteranos, Master e Tiro Adaptado).

DVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohíbe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.